



Setembro de 2006

Estimado/a señor/a,

A Universidade Pompeu Fabra e METROSCOPIA, instituto adicado á realización de investigacións sociais e de opinión, foron elixidas polo **Ministerio de Educación y Ciencia e a Comisión Europea**, para levar a cabo o estudo denominado '**Os Europeos do Século XXI**'. Trátase dunha investigación elaborada de modo coordinado en máis de 30 países europeos, cuxa finalidade é coñecer as opinións e actitudes dos cidadáns sobre temas de actualidade social e política. En concreto, estamos especialmente interesados en coñecer en qué medida os españois se parecen ou diferencian dos demais cidadáns europeos. O estudo, que se realiza por terceira vez en España, está coordinado por un equipo español de investigadores e profesores da **Universidade Pompeu Fabra**, en colaboración cun equipo internacional de investigadores e profesores de varias universidades europeas.

Vostede foi elixido ao azar entre todas as persoas residentes no noso país, polo que nos diriximos a Vostede para solicitar a súa participación cando o investigador de Metroscopia acuda ao seu domicilio. A súa colaboración co estudo é moi importante, xa que, para poder dispoñer de datos representativos a nivel nacional, non podemos entrevistar a ningunha outra persoa no seu lugar. O estudo só terá éxito se obtemos unha colaboración activa das persoas que, coma Vostede, foron seleccionadas ao azar.

Debe saber que **todas as informacións recollidas a través deste estudo están suxeitas á lexislación que impón o seu carácter reservado**. Só poden ser tratadas de modo colectivo e nunca individual. O seu anonimato e o das súas respostas quedan, logo, absolutamente garantidos.

O estudo comezará en outubro deste ano, polo que nos poñeremos novamente en contacto con Vostede para solicitarlle a súa colaboración. Se desexa máis información sobre o estudo ou calquer outro particular, non dubide en poñerse en contacto con nós no teléfono gratuito **900 101 493**. Tamén pode obter información ao respecto nas seguintes páxinas de internet:

- En castelán: <http://www.ess-spain.upf.edu>
- En inglés: <http://www.europeansocialsurvey.org>

De antemán agradecemoslle a súa colaboración e atención.

Mariano Torcal
Catedrático de Ciencia Política
Coordinador do estudo en España
Universidade Pompeu Fabra

José Juan Toharia
Presidente de METROSCOPIA



Outubro de 2006

Estimado/a señor/a,

A Universidade Pompeu Fabra e METROSCOPIA, instituto adicado á realización de investigacións sociais e de opinión, foron escollidas polo **Ministerio de Educación y Ciencia e a Comisión Europea**, para levar a cabo o estudo denominado **'Os Europeos do Século XXI'**. Trátase dunha investigación elaborada de modo coordinado en máis de 30 países europeos, cuxa finalidade é coñecer as opinións e actitudes dos cidadáns sobre temas de actualidade social e política. En concreto, estamos especialmente interesados en coñecer en qué medida os españois se parecen ou difiren do resto de cidadáns europeos. O estudo, que se realiza por terceira vez en España, está coordinado por un equipo español de investigadores e profesores da **Universidade Pompeu Fabra**, en colaboración cun equipo internacional de investigadores e profesores de varias universidades europeas.

Nunha carta que lle enviamos en setembro explicábase que Vostede foi elixido ao azar polo Instituto Nacional de Estadística entre todas as persoas residentes no noso país, polo que nos diriximos a Vostede para lembrarlle que nos gustaría contar coa súa colaboración neste estudo. Como poderá comprobar dentro duns días, o cuestionario abarca unha ampla gama de temas, pero non é necesario ningún coñecemento especial para contestalo: é dicir, non hai respostas correctas ou incorrectas.

A súa colaboración co estudo é moi importante, xa que, para podermos dispoñer de datos representativos a nivel nacional, non podemos entrevistar a ningunha outra persoa no seu lugar. O estudo só terá éxito se obtemos unha colaboración activa das persoas que, como Vostede, foron seleccionadas ao azar.

O noso **investigador**, que o visitará dentro duns días e irá debidamente acreditado, explicarlle os detalles da súa colaboración, que queremos agradecerlle de antemán. Vostede poderá fixar co noso investigador o día e hora que lle conveña para realizar a entrevista.

Lembrámoslle que **todas as informacións recollidas a través deste estudo están suxeitas á lexislación que impón o seu carácter reservado**. Só poden ser tratadas de modo colectivo e nunca individual. O seu anonimato e o das súas respostas quedan, logo, absolutamente garantidos.

Se desexa máis información sobre o estudo ou calquer outro particular, non dubide en porse en contacto connós no teléfono gratuito **900 101 493**. Tamén pode obter información ao respecto nas seguintes páxinas de internet:

- En castelán : <http://www.ess-spain.upf.edu>
- En inglés: <http://www.europeansocialsurvey.org>

De antemán agradecemoslle a súa colaboración e atención,

Mariano Torcal
Catedrático de Ciencia Política
Coordinador do estudo en España
Universidade Pompeu Fabra

José Juan Toharia
Presidente de METROSCOPIA